

# CULTOS ANCESTRAIS E PEREGRINACIÓNS A TEIXIDO

Xosé Lois Armada Pita  
Universidade da Coruña

O ser humano posúe unha tendencia innata a incrementa-lo seu coñecemento. Nembargantes, hai cuestións nas que semella que nunca imos atopar-la resposta definitiva. Dicía o filósofo alemán Karl Jaspers que o misterio da trascendencia non se detén nunca, senón que medra progresivamente; de feito, os recentes descubrimentos astronómicos só conseguiron empequeñece-la nosa posición no cosmos.

Ante isto, ante este temor a atoparse só no universo, o home sempre precisou de refuxios para, por medio dunha ampla gama de ritos, someterse a un ente superior. Un deses refuxios é o que dende hai uns centos de anos se coñece co nome de Santuario de San Andrés de Teixido.

O santuario en cuestión pertence á parroquia de Régoa, concello de Cedeira. Se o medio natural constitúe un elemento clave para explica-la esencia de tódolos santuarios do mundo, poderíamos dicir que a serra da Capelada, na cal se atopa Teixido, cumpre con creces os requisitos que precisa todo lugar cultural. Terras agrestes, solitarias, nelas semella non pasar o tempo; dende logo, compréndese perfectamente que homes das máis variadas culturas atopasen alí un lugar axeitado para a percura da ascese mediante prácticas espirituais.

Para someter este centro relixioso a un estudo social, histórico ou antropolóxico temos que encuadralo no contexto cultural que abarca todo o

noroeste peninsular. Nesta rexión San Andrés de Teixido e Santiago de Compostela son os únicos lugares de peregrinación consagrados a apostois. Sen embargo, por moitas razóns, éste último alcanzou un enorme prestixio dentro da cristiandade, medrando dende sempre o primeiro á sombra do segundo. Así, se establecemos unha relación de xerarquías moi xeral dos centros de peregrinación de Galicia teremos:

- 1- Santiago de Compostela.
- 2- San Andrés de Teixido.
- 3- Resto dos santuarios.

Consideramos que en ocupar esta posición intermedia reside o principal interese deste santuario, pois aglutinará elementos tanto da xerarquía superior como da inferior. E isto é un pouco a tese que vou tentar defender nesta ponencia.

## 1. VESTIXIOS ARQUEOLÓXICOS E CULTOS PAGÁNS

A investigación arqueolóxica con fins puramente científicos na comarca do Ortegal iníciase Federico Maciñeira a finais do século pasado. Ó pouco tempo de comezar as súas prospeccións e excavacións o ilustre arqueólogo intúe a importancia que as comarcas de Eume e Ortegal tiveron nas épocas prehistóricas, centrando as súas investigacións sobre dous polos principais: o santuario de San Andrés de Teixido e os restos arqueolóxicos existentes en torno a él por un lado; e o porto de Bares e o megalitismo da Faladoira por outro.

Neste porto de Bares atópase un refuxio artificial para embarcacións a xeito de escollera de grandes pedras. Tal construción, que recibe o nome de Coido, é única na Península Ibérica e só no Mediterráneo atopamos construcións similares. Sobre a súa cronoloxía existen fondas discrepancias. Mentres Maciñeira pensa nunha orixe fenicia e Usero manifesta que non é posterior ó Bronce final (s. VIII a. de C.), Felipe Senén (1995: 55) inclínase por unha orixe romana ou altomedieval. Outra hipótese interesante é a que propón Juan Naveiro (1991: 156), que relaciona a construción coa pesca e descarga de baleas que se realizaba na Idade Media nese lugar.

Sostén este profesor que os romanos nunca farían unha obra desta magnitude nun lugar tan afastado das vías de circulación e que ademais é sorprendente que ningún dos autores clásicos e algúns xa da Idade Media menten a construción nos seus textos. De tódolos xeitos, sexa cal sexa a cronoloxía desta construción ciclópea, é innegábel a importancia do porto de Bares xa dende o megalitismo. O «Camiño dos Arrieiros» que, flanqueado por máis de 80 mámoas, une Bares con As Pontes de García Rodríguez e achádegos arqueolóxicos como capiteis, moedas púnicas do século II a. de C., ánforas, mosaicos e outros restos romanos confirman con creces o antedito. Pois ben, neste importantísimo porto marítimo da antigüidade próximo a Teixido produxéronse superposicións étnicas pola chegada de pobos de orixe mediterránea e nórdica. Esta fusión ou especie de mestura étnica vai influir de xeito decisivo na configuración do primitivo centro cultural da serra da Capelada, de feito que alí imos atopar elementos de orixe paleomediterránea primeiro e nórdico-europea despois.

Nas comarcas ortegalesa e eumesa atopa Maciñeira tres das construcións máis importantes do megalitismo: mámoas, círculos líticos e pedrafitas ou menhires. É moi pouco o que se sabe da relixión desta época, se ben está confirmada a existencia dun culto ós mortos ou necrolatría. Pensábase que pola adoración ós mortos éstos podían chegar a converterse en deuses protectores, aparecendo así un paralelismo con Exipto. Tamén as gravuras de espirais similares a serpes nas pedras fan pensar nun posíbel culto á xeración ou reprodución. Semella pois que as mámoas son os primeiros centros relixiosos coñecidos do NO hispánico, aparecendo a partires do megalitismo unha especie de veneración ás pedras e un uso das mesmas para rituais máxicos. Na serra da Capelada abundan estes túmulos megalíticos, destacando polas súas dimensións os de Pedra Chantada. As machadas prehistóricas que se atopan dentro das mámoas serían así os primeiros obxetos empregados para fins cultuais que coñecemos; estas pezas foron aparecendo con relativa frecuencia nas excavacións de Maciñeira, atopándose dúas en Teixido e unha en Teixidelo. Algunhas das machadiñas atopadas por este arqueólogo evidencian pola súa fragilidade e constitución que non foron concebidas para un uso práctico e só terían funcionalidade votiva. As devanditas pezas son coñecidas polos campesiños galegos co nome de «pedras do raio». Supóñenlles carácter divino por vir do ceo, son o propio raio petrificado e atópanse dentro dos troncos dos carballos. Por

este motivo outorgábaselles carácter profiláctico e eran introducidas no interior das paredes das casas, ó igual que as laxes megalíticas se empregaban para a construción de lareiras, dinteis e outros elementos arquitectónicos.

Preto do santuario, a 4 km. de estrada, temos o lugar chamado Campo da Armada. O topónimo Armada sinala, por regra xeral, lugares onde se montaban trampas para cazar. Estas trampas podían ser de moi diversa índole (foxos, etc). Nembargantes, cando nun lugar chamado «Armada» aparecen monumentos megalíticos, o significado do topónimo varía e debe ser entendido como un sinónimo de mámoa, que en realidade é unha especie de armazón ou armada de pedra. O topónimo nestes casos non aparece só, senón acompañado doutras palabras: Chan da Armada, Campo da Armada, Chan da Arquiña (posíbel sinónimo de Armada), Mámoas do Armadoiro, etc. Pois ben, neste lugar da Capelada temos un pequeno menhir ou pedrafita e ó menos unha mámoa situada a poucos metros do mesmo. O menhir do Campo da Armada érguese hoxe un metro aproximadamente sobre o terreo, pero, segundo testemuños orais, ten máis de metro e medio soterrado. O megalito foi arrincado en numerosas ocasións, pois dicíase que debaixo del había tesouros que deixaran os mouros.

Chegada a Idade do Bronce e ata a romanización créanse explotacións de cobre na zona de Cerdido, A Barqueira e Labacengos (Monteagudo, 1986: 30-32). Os achádegos distribúense en 2 zonas principais: Ortigueira, Senra e Cerdido por unha banda e o Golfo Ártabro pola outra. Na Costa de Teixido apareceu hai uns anos unha machada do tipo «Barcelos» de 14 cm. de lonxitude e que os especialistas sitúan no século XV a. de C. (Bronce Medio). O abandono do megalitismo e o paso ó bronce significa, segundo Luis Monteagudo, o paso dunha cultura de base mediterránea a unha de base nórdica con certos aportes da zona danubiana que falaba unha especie de europeo antigo (alteuropäische de Krahe). Este cambio étnico supoñemos que debeu ter grandes repercusións na concepción relixiosa dos habitantes de Galicia en xeral e de Teixido en particular.

Con respecto ós inicios do Ferro, na Capelada, no lugar coñecido como Penido do Medio, atópase un curioso xacemento. É unha especie de castro rudimentario feito con grandes pedras e próximo a varios túmulos megalíticos. A existencia do cabo Ortegal puido ter unha notábel influencia nos cultos relixiosos que se realizaban en Teixido, xa que na antigüidade moitos promontorios consagrábanse ás divindades porque a navegación ou

ben se facía máis perigosa ou ben determinaba un cambio completo de rumbo (Maciñeira, 1933: 220-221). Tras estes promontorios situábanse os puntos de parada obrigada para a revisión ou mantemento.

Tamén a romanización deixa pegadas considerabeis nestas terras orteganas. Ademais dos mentados e numerosos restos de Bares, establécense varias industrias de salgadeira na costa. Como restos importantes deste período temos os de San Xiao do Trebo, ermida situada á beira do cabo Ortegal e pertencente ó concello de Cariño. Ó carón desta ermida aparecen con relativa frecuencia tégulas, ímbrices e fragmentos de cerámica de diversa tipoloxía. Consideramos que o segundo elemento deste topónimo, que aparece nun documento do 1101 como «Trebula» (ver doc. 17 do cartulario publicado por Montero Díaz), pode tratarse da pervivencia dun teónimo indíxena, pois na inscrición portuguesa de Cabeço das Fráguas atopámonas divindades «Trebopala», «Trebaruna», e «Tr...», aparecendo a segunda nalgún outro epígrafe (vid. Tovar); por outra parte, a forma «Trebula» resultounos imposible de explicar dende etimoloxía latina. O proceso aquí sería análogo ó acontecido en Santa Comba de Bande, proceso que estudou Ladislao Castro. De confirmarse a nosa hipótese, sería un novo dato a favor da tese de Untermann sobre a unidade teonímica e lingüística das antigas Gallaecia e Lusitania (ver artigo da bibliografía).

Vemos polo tanto que a riqueza arqueolóxica desta zona corrobora con creces a hipótese de Maciñeira sobre a súa importancia nas épocas prehistóricas. Con respecto ó actual santuario de San Andrés de Teixido, tódolos historiadores coinciden en sinalar unha orixe precristiá para os cultos alí desenvolvidos; todos eles foron incesantemente estudados con maior ou menor acerto e o riquísimo acervo lendario, recollido entre outros por Maciñeira (1921), Bascoy (1954 e 1956) e Alonso Romero (1991) deu pé a unha ampla variedade de hipóteses. Alonso Romero sostén unha orixe celta para esta peregrinaxe (1991: 109-147), se ben afirma a imposibilidade de chegar a un coñecimento certo da orixe primaria dos cultos alí realizados (1991: 131). Nós coincidimos na extrema dificultade do tema, pero temos que afirmar que en Teixido existen indicios evidentes de culturas mediterráneas cuia antigüidade podería remontarse ó neolítico; esta hipótese foi xa apuntada por Usero (1992: 11).

Un testemuño sen identificar que nos pode levar á protohistoria de Teixido ou ós primeiros anos do cristianismo é unha estrana peza de granito

(Usero, 1992: 60) que se atopaba ata non hai moito no cemiterio deste lugar. En tres das súas esquinas presenta unha cara humana bastante tosca e na parte inferior, inscrita nunha circunferencia, ten unha esvástica de 15 radios con dúas perforacións, elemento que A. Fraguas relacionou cun posíbel culto solar (1989: 40). Ten unha altura de 26 cm. e un diámetro de 32. Especial importancia revisten as lendas de cidades asulagadas, moi presentes en toda a zona de Cedeira e ás que Monteagudo outorgoulles unha orixe xermánica pagán (1957: 23), se ben o seu sustrato indoeuropeo é claro, dado a existencia de clarísimos paralelos como a lenda de Filemón e Baucis que Ovidio narra nas *Metamorfoses*.

Ademais das mentadas pedras do raio e de outros moitos rochedos de carácter lendario, nas inmediacións de Teixido as pedras revístense de carácter mitolóxico nos amilladoiros. A presenza destes amilladoiros pódennos facer pensar nun posíbel culto ós mortos no primitivo centro cultural pagán. Estes elementos non son só característicos deste Noroeste peninsular, senón que tamén aparecen en zonas do Mediterráneo, África e América do Sur. En Grecia, os montóns de pedra consagrábanse a Hermes. Caamaño Gesto, profesor da Universidade de Santiago, sinala unha orixe prerromana dos mesmos derivada do costume indíxena de sinalar os primitivos camiños; en época romana denominábanse «Montes de Mercurio» e neles rendíase culto a diferentes divindades (1984: 13-14). O cristianismo, ó non poder abolir o culto, situou cruceiros sobre deles para cristianizalos. Pola súa parte, Antonio Fraguas afirma que estes amilladoiros erixíanse no lugar onde morría alguén de forma violenta e a cruz sinalaba moitas veces o feito da morte (1989: 34). Esta concepción ten a súa base na filosofía platónica, na que se alguén era asasinado a súa alma perseguiría eternamente ó asasino. Na baixada a Teixido pola Costa de Cedeira temos un amilladoiro erixido neste século por este mesmo motivo. En Galicia os amilladoiros cítanse xa en documentos do século VI. Na época cristiana a maior parte deles xurdirán en lugares próximos a centros de peregrinación por mor das pedras que ían lanzando os peregrinos que se dirixían os respectivos lugares de culto; non tirar a pedra supuña moitas veces a invalidez da peregrinación. En San Andrés dise que o día do xuízo final, cando as pedras falen, dirán quen cumpríu co deber de ir visitar ó Santo, pois non esquezamos que neste santuario é precepto obrigatorio. Tal como di o refrán: «A Teixido vai de morto o que non foi de vivo». No camiño dos romeiros que ía de Porto de Cabo ó

santuario cedeirés contabilizou Ramón Bascoy 23 amilladoiros: 5 en Veriño, 2 en Reboredo, 12 nos Chans do Uzal, 3 no Cristo dos Carrís e 1 na Costa Grande; os de Reboredo son os de maiores dimensións. Na baixada pola Costa de Cedeira temos outro amilladoiro, así como preto do Curutelo –na baixada dende o Campo da Armada– tamén temos outro exemplar.

## **2. CRISTIANIZACIÓN, CONSOLIDACIÓN DAS ESTRUC- TURAS E APOXEO DAS PEREGRINACIÓNS**

Dende o século III está documentada a presenza do cristianismo na Gallaecia. Cando chegaron a estas terras os profetas da fe de seguro que deberon atopar aquí un bó terreo sobre o que traballar. Era a Galicia da época unha rexión de fonda tradición mitolóxica e espiritual; ademais, o medio natural incitaba de por sí a deixar voar a imaxinación en procesos de interiorización trascendente. De seguido empézanse a colocar unha gran cantidade de cruces sobre tódolos lugares sospeitosos de paganismo: amilladoiros, mámoas, pedras de tradición lendaria, etc. Os cruceiros nacen da cristianización de menhires e miliarios romanos; a plataforma dos mesmos entraría polo Camiño de Santiago e servía para o descanso dos peregrinos. Este proceso de cristianización de lugares de culto, cemiterios e baptisterios chega ata o século X.

A cristianización de San Andrés de Teixido presenta especial importancia para entender o papel deste santuario na historia social de Galicia e o auxe das peregrinacións ó mesmo. O aspecto solitario e agreste de Teixido, do que xa falamos anteriormente, propiciou a existencia dun pequeno mosteiro que xa no ano 1162 se atopaba en decadencia (Montero Díaz, 1935: 90-91 e Usero, 1992: 62-64).

Descoñécese o momento no que o santuario queda baixo a advocación do apóstolo San Andrés pero é posíbel que isto se produxese no século XII baixo o dominio dos hábiles estratexas da orde de Malta, donos de Teixido dende 1181 (Usero, 1992: 67-69 e 227-228). Fose quen fose, sabía que o estudado plan non ía fallar porque o lugar presentaba as características ideais. Tal é así que a historia do apóstolo foi aceptada de seguido.

Unha característica propia dos santuarios é que son lugares de peregrinación. No caso que nos ocupa o santuario estaba destinado a recibir tal

cantidade de peregrinos que a Igrexa, en colaboración cos labregos e outras institucións sociais e políticas da zona, tivo que asumir a elaboración e posterior consolidación dunha estrutura que garantizase e axudase a manter esa afluencia de xente. Esta estrutura da que falamos estaría destinada por un lado a satisfacer as necesidades vitais dos romeiros (fontes, pousadas, boa conservación e empedrado dos camiños, etc) e por outro a alimentar a fe dos mesmos, recordándolles en todo momento o cariz relixioso da actividade que estaban a desenrolar (pequenas ermidas, cruceiros, amilladoiros cristianizados, etc). Asimesmo, é tamén necesario resaltar que esta estrutura supuña en moitas ocasións uns importantes ingresos económicos tanto para a Igrexa como para outras persoas que se adicaban á explotación dos recursos que a existencia deste camiño podía reportar.

O primeiro aspecto –e tamén un dos máis importantes– no que nos imos deter para comprender a magnitude da peregrinación a San Andrés de Lonxe é a completa rede de camiños que dende diversos lugares conducían ó lugar cultural. Ós máis importantes ímolos denominar «camiños maiores» e ós de menor interese e afluencia de xente, que xeralmente eran variantes dos anteriores ou unían Teixido con pequenas ermidas, «camiños menores». Os camiños maiores son os seguintes:

- a) O de *Porto de Cabo*. Era o máis importante. Neste lugar xuntábanse outros dous camiños: o que proviña de Somozas (por el chegaban peregrinos procedentes de Castela, Ourense e Lugo) e o que viña de Valdoviño (por el chegaban os procedentes de Portugal, Pontevedra, A Coruña e Ferrol).
- b) O de *Ortigueira*. Era empregado polos que viñan de Asturias e As Mariñas luguesas.
- c) O de *Cedeira*. Empregábano principalmente os habitantes de dita vila.
- d) O de *Cariño*. Pasaba pola ermida de San Xiao do Trebo e era empregado polos habitantes desa localidade.

Dixemos que o camiño que conducía de Porto de Cabo a San Andrés era, con diferenza, o máis importante. Neste lugar de Porto confluían dous vieiros. O que proviña de Somozas (a donde chegaba un camiño procedente



de As Pontes) comenzaba na ermida de San Roque do Camiño –San Roque é considerado o patrón dos romeiros–. O outro camiño, que algúns chamaban «Camiño Francés» comenzaba en Neda e pasaba por Sedes (Narón) e Loira (Valdoviño). Este roteiro, no que se atopaba a Ermida de Liñeiro ou Ermida da Fame, aparece citado nun documento do século XVIII; é unha descripción da vicaría de Trasancos publicada por Usero (vid. «Loira» en GEG). Nela lese: «A Oriente de Valdoviño, como media legua, está la feligresía de S. Pedro de Loira, camino real para S. Andrés de Teijido, muy frecuentado este camino de los gallegos confinantes con Portugal, que vienen a esta romería». O «Camiño dos Romeiros» (chámase así a este camiño de Porto de Cabo a Teixido) cítase xa no 1512, polo que debeu existir dende moito antes. Pois ben, en Porto de Cabo existía xa unha infraestrutura importante para o uso dos peregrinos. Lugar de exquisita beleza, sobre todo antes da chegada da modernidade, atópase dividido polo río Mestas, unindo dúas pontes as dúas beiras. Unha delas foi contruída na década dos 80 pero a outra data dos primeiros séculos da Idade Media. Nun lugar con esta funcionalidade tiña que haber necesariamente algunha pousada ou albergue para os romeiros; en efecto, alí había varios edificios destinados a isto. O máis importante –hoxe restaurado– recibía o nome de «Casa da Bastona». Tradición tamén típica do lugar era o negocio das caldupeiras, que consistía na venda de cuncas de caldo quente e viño ós romeiros que ían de peregrinación. A tarefa estaba monopolizada por mulleres de Sedes (Narón), que ocupaban o camiño cos seus xigantescos e panzudos potes. Bascoy, lúcido e meticuloso como narrador de lendas e tradicións, ofrécenos unha fermosa semblanza destas caldupeiras.

Nos cumios da Capelada atópase o Cristo dos Carrís, que marca a baixada a Teixido dende o devandito camiño. É éste un lugar mítico, de profunda tradición lendaria. As voces do tempo fálannos da gran cantidade de duelos e asasinatos que alí se perpetraron. Tal é así que testemuñas orais cóntannos que na chamada «Casa da Peroxa», sita na baixada a San Andrés e hoxe practicamente derruída e oculta trala vexetación, vendíanse armas para tal fin así como ferramentas para enterra-los cadáveres; de feito tamén o intelecto dos máis vellos di lembrar as tumbas cavadas naquel lugar. A lenda que deu pé ó erguemento do cruceiro ten (como non) un sabor tráxico: cóntanos que certo día se xuntaron alí dous rapaces para batirse en duelo por unha moza e, tras falar entre eles, chegaron a unha solución máis sinxela:

matar á moza, feito que foi consumado rapidamente. Ó pouco tempo comprobouse que no lugar onde a rapaza fora enterrada non medraba a herba, polo que os pastores da fe decidiron erguer alí o cruceiro. En efecto, as lendas que falan dun crecemento excesivo ou dunha ausencia de vexetación no lugar onde morreu unha persoa son dabodo frecuentes en toda Europa. Falando agora de datos probados sábese que o actual monumento foi construído no ano 1908 por desexo testamentario de Juan Antonio Cortés. A guerra civil tamén deixou a súa pegada –neste caso intachábel– no cruceiro: no ano 1945 os escapados da Capelada fixéronlle un consello de guerra e acordaron fusilalo, marcando para sempre os proxectís na pedra. Ramón Bascoy, fervente seguidor da doutrina católica –postulados que impón unha época–, calificou o feito como «...*el acto más vandálico y diabólico imaginable*», acto consumado segundo as súas palabras «...*con satánica inspiración*» (1954: 202). A baixada deste lugar ó santuario é curta, estando dotada ademais dun excelente empedrado.

Outro santuario relacionado con Teixido e unido con éste mediante un dos que chamamos «camiños menores» –citado nun documento do 1677– é San Xeo dos Osos, pertencente á parroquia de Labacengos (Moeche). O nome desta parroquia deriva de Lapatiancos, os habitantes desta rexión na Idade de Ferro. Noutros tempos tivo importancia como lugar de peregrinación dado que ós dous sartegos que se atopan á porta da ermida (datan do século XI ou XII) atribúenlles propiedades para cura-los ósos do corpo. A capela pertenceu ó mosteiro de Oseira e éste podería se-lo motivo do nome en xenitivo que acompaña ó santo obxeto da consagración. Nembargantes, a Igrexa amosou unha vez máis a súa astucia substituíndo o «o» pechado polo aberto. Era tal a popularidade deste centro relixioso que alguén, cecais a orde do Hospital, pensou que era importante que estivesen unidos por un camiño real. Este vieiro pasa polo Campo do Hospital (a 12 km. de Cedeira), xuntándose en Reboredo co Camiño dos Romeiros.

Outra relación de San Andrés de Lonxe con outro santuario é a que se establece co de San Xiao do Trebo, próximo ó cabo Ortegá. Éste era o camiño que empregaban os habitantes de Cariño, sendo a afluencia de xente menor pois, como se sabe, este pobo non é lugar de paso e ten un mesmo vieiro de entrada e saída, aínda que o seu porto marítimo gozou de certa importancia dende o século pasado. O roteiro era empregado ademais polos cariñeses para dirixirse a Régoa, priorato ó que a parroquia de Sta.

María da Pedra pertencía –A Pedra e Cariño formaban unha mesma parroquia ata aprox. o 1895, data da disgregación das mesmas–.

Os dous camiños restantes proviñan das vilas de Cedeira e Ortigueira e cítanse por primeira vez no ano 1634. O de Ortigueira era empregado polos peregrinos que viñan de Asturias e As Mariñas luguesas. O primeiro tramo facíase por mar, na embarcación coñecida como «Lancha da Pasaxe» e que unía a vila de Santa Marta de Ortigueira con San Adrián de Veiga. O desembarco facíase no lugar de Fornelos, onde se atopa un dos castros costeiros que gardaban a ría de Ortigueira. O topónimo Fornelos, ó igual que Fornela, Furnas, Fornas ou Fornos, soe indicar a existencia dunha necrópole megalítica. No caso de que no lugar non existan mámoas, como neste que estamos a ver, o topónimo débese asociar case sempre a enterramentos antropoides de cronoloxía posterior; nembargantes, neste lugar non fun quen de recoller testemuñas orais sobre isto.

Na parroquia de San Adrián de Veiga, no lugar do Casón, celébrase o terceiro sábado de setembro unha festa popular. As orixes da mesma sitúanse nas celebracións festivas que realizaban os romeiros ó voltar da peregrinación; se a viaxe de ida se facía acompañado de música e con aire festivo para aliviarlo cansancio, a de volta significaba a liberación, o sentimento de deber cumprido. Os cregos chegaron a horrorizarse manifestando enérxicas protestas polos «actos impuros» que xa dende a Idade Media se viñan realizando nas inmediacións do santuario. A voz popular incorporou ó seu amplo recital de cantigas unha peza relacionada co tema: «*A San Andrés van dous e veñen tres: milagros que o santo fai*».

Á beira deste camiño de Ortigueira a Teixido atopamos un curioso xacemento. É coñecido polo nome de Penido do Castelo e numerosos autores propoñen unha cronoloxía medieval. Consideramos que isto non se pode precisar pero estamos case seguros de que o primitivo asentamento nese lugar se produxo na época castrexa, puidendo ser empregado posteriormente como torreón de vixilancia, pois a panorámica dende o lugar é impresionante. Establecer unha hipotética relación entre este xacemento e o camiño é algo case imposible.

Chegados a este punto e xa que vimos de falar do camiño de Ortigueira, imos dar conta aquí dun tema que consideramos de especial importancia: o das peregrinacións dende países estranxeiros e as relacións con Santiago de Compostela. En diversos portos da comarca como Ortigueira ou Neda

está documentada a defunción de peregrinos de diversos países. Vaiamos por partes. O investigador ortegano Carlos Breixo Rodríguez publicou recentemente uns documentos que proban a devandita conexión entre Teixido e Compostela. Nun deles, datado no ano 1692, dise que as terras do Ortegal son zona de paso para os peregrinos que se dirixen a Compostela e Teixido, ó tempo que se solicita por este motivo que os clérigos atendan ó seu oficio coa máxima pulcritude e adicación posíbel. Ademais, e como veremos a continuación, o mentado investigador atopou partidas de defunción dos séculos XVII e XVIII de xentes extranxeiras que viñan de peregrinación. Na vila de Santa Marta había un sinxelo edificio destinado a albergar peregrinos, desempeñando esta función ata ben entrado o século XX. En dito edificio, que recibía o nome de Hospital de San Roque, faleceu Juo Gari, de nación francesa, e que viña de Santiago. O outro hospital deste concello de Ortigueira era o Hospital de San Claudio, sito na parroquia do mesmo nome e fundado a mediados do século XVII por Juan Díaz Tenreiro. O albergue funcionou ata o século XIX, data en que xurdíu a desamortización. Tamén aquí se documentou o falecemento de romeiros de fora de Galicia: no 1711 morre «*una pobre mendicante aviendo recibido los Santos Sacramentos, dijo era natural de Vizcaya y venía de Santiago en romería...*»; no 1738 faleceu «*Andrés Cueba según dijo se llamaba y ser vecino de la villa de Alditos Reino de Castilla la Vieja...*»; por último, entre outras defuncións, no ano 1741 morre un xenovés chamado Nicolás Cano.

Na vila de Cedeira atopamos conexións coa tradición cultural e lendaria europea. Rafael Usero, no libro titulado *Sir Lanzarote do Lago e a súa proxenie cedeiresa*, trata da linaxe dos Lago e da súa hipotética relación coa lenda de Lanzarote do Lago, cabaleiro do rei Arturo. Este traballo demostraría así a penetración en Galicia no medievo, quen sabe se polo camiño de Santiago, de lendas pertencentes á que se deu en chamar «Materia de Bretaña». De producírense as cousas deste xeito, estas lendas chegarían a Cedeira traídas polos romeiros que viñan da cidade compostelá.

O dito ata agora é suficiente para tomar conta da magnitude das peregrinacións a San Andrés de Teixido, pois vemos como se unha especie de forza autoxeradora puxera en marcha unha maquinaria para impulsar as peregrinacións a este santuario. As primeiras probas documentais que nos falan dunha peregrinación a Teixido datan do ano 1391. Dende ese momento e en pouco tempo, o santuario cedeirés converterase no centro de pere-

grinación por excelencia dos galegos, que vían neste lugar como unha maior autenticidade. Esta peregrinación afirmaba a súa personalidade e independencia fronte ós foráneos, que peregrinaban a Compostela. A afirmación de Chao Rego (1988:74) é rotunda neste caso: «...*Compostela produce pouca devoción e escasa afluencia de galegos e, cando se dá, con gallo do Ano Santo, é unha peregrinaxe pouco espontánea e popular, senón inducida pastoralmente. Son outros os santuarios populares...*». A fama do santuario cedirá tal que un viaxeiro tan importante como o pai Sarmiento visitou o lugar cando, dende Madrid, fixo unha viaxe a Galicia. Nembargantes, temos constancia de que –estranamente– en ocasións o lugar estivo en certa decadencia polas mostras de abandono que amosou a Igrexa. Por exemplo, sabemos que nos tempos pasados non había un capelán destinado exclusivamente a Teixido. Deste xeito, o prior de Régoa designaba a un ermitaño que tiña casa propia para elo destinada, sendo o brazo dereito do prior de Régoa. Así, no século XVI unicamente vivían a carón da capela un ermitaño e un labrego. Este feito chama a atención do mesmo pai Sarmiento que no 1755, nun texto recollido por Usero na súa monografía sobre o santuario, afirma: «*La Iglesia es pequeña, vieja, indigna y, excepto el retablitto nuevo, sin adorno alguno (...) Ni siquiera un capellán tienen en San Andrés. Es infinito el concurso de romeros que vienen aquí por agosto, y es vergüenza lo poco que se utilizan las limosnas en favor de la iglesia*». Outra mostra de abandono dérase xa no 1667: nese ano o prior de Régoa Fr. Andrés López de Sevil y Ulloa solicita unha hospedería para Teixido que finalmente non se realiza. A pesares disto, a romería –de dimensións considerabeis o 8 de setembro– mantívose sempre na súa esencia e popularidade; de feito, outro dos principais argumentos para amosa-la importancia das peregrinacións ó lugar é a fama da que goza aínda nos tempos de hoxe. Tal é así que Maciñeira afirma que no ano 1921 peregrinaron toda-vía a Teixido unhas 15.000 persoas.

### 3. CONCLUSIÓN

Ata aquí tentáronse expor varios aspectos salientabeis do fenómeno que constitúe o santuario de San Andrés de Teixido. Penso que, aínda que a división de xerarquías exposta ó principio deste traballo non pode ser

tomada ó pé da letra, a tese de que este santuario ocuparía unha posición intermedia aglutinando elementos das outras dúas xerarquías quedou suficientemente probada. Digo que esta división non pode ser tomada ó pé da letra porque na xerarquía inferior poderíamos facer outras subdivisións; incluso na comarca de Ortegal temos santuarios de pouca trascendencia histórica como San Roque de Reboredo e outros que foron importantes centros de peregrinación, como é o caso de Nosa Señora de Portas en Devesos (Ortigueira).

Compre sinalar, pois, que, pese ás investigacións ate agora realizadas, quedan moitas incógnitas por resolver. Entre os moitos traballos posibeis, coidamos que serían interesantes os seguintes:

- Unha investigación en profundidade dos restos arqueolóxicos da serra da Capelada e, especialmente, do entorno máis inmediato do santuario. Diversos vestixios existentes no lugar poderían, pola súa singularidade, aportar novos datos ó coñecemento da prehistoria de Galicia. É pois urxente a excavación en profundidade dalgúns túmulos megalíticos, do Penido do Medio, do Penido do Castelo, dos restos romanos de San Xiao do Trebo e do entorno da calzada do Batán entre outros xacementos.
- Unha recolleita exhaustiva de tódolos topónimos da comarca e o seu posterior estudo combinando os coñecementos actuais da lingüística cos documentos medievais e os restos arqueolóxicos.
- Un traballo de campo de antropoloxía cultural analizando en toda a serra da Capelada aspectos como o réxime de propiedade, o simbolismo relixioso, o abandono do medio rural, a evolución das técnicas agrarias, etc.
- Unha recolleita en toda a comarca de lendas e outros materiais de tradición oral popular.

Aínda así, presentimos que as verdadeiras cuestións, as incógnitas máis profundas, a esencia de Teixido, nunca se poderá resolver. Desgraciadamente, en determinada época da historia de Galicia temos un tremendo valeiro documental. Axudar un pouco á comprensión deste fenómeno cultural do noroeste da Península Ibérica é a intención desta pequena investigación.

#### 4. BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, F., 1991. *Santos e barcos de pedra*. Xerais. Vigo.
- ARMADA PITA, X. L., 1995. *Os camiños de peregrinación a San Andrés de Teixido*. Traballo inédito gañador do certame de investigación sobre o santuario correspondente ó ano 1995 e convocado polos institutos de Cariño, Cedeira e Ortigueira.
- 1996. «Impresións dunha romería a Portas». En *La Voz de Ortigueira*, o 12 de abril de 1996.
- BASCOY PÉREZ, R., 1954-63. *La comarca del Ortegal en el segundo milenio antes de Jesucristo*. Cinco tomos publicados entre 1954 e 1963. Imprenta Fojo. Ortigueira.
- BREIXO RODRÍGUEZ, X. C., 1996. «As terras do Ortegal no camiño de Santiago». Serie de 4 artigos publicados en *La Voz de Ortigueira*. Núms. 4164, 4165, 4166 e 4171 (meses de abril, maio e xuño).
- CAAMAÑO GESTO, X. M., 1984. *As vías romanas*. Museo do pobo galego. Santiago.
- CASTRO PÉREZ, L., 1993: «Un exemplo de cristianización de un culto prerromano en Galicia». En *Galicia: da romanidade á xermanización*. M. Pobo Galego / Universidade de Santiago / I. Padre Sarmiento. Santiago.
- CHAO REGO, X., 1988. *Para comprendermos Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo.
- FERREIRA PRIEGUE, E., 1988. *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Fund. Barrié de la Maza. A Coruña.
- FRAGUAS FRAGUAS, A., 1988. *Romarías e santuarios*. Ed. Galaxia. Vigo.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F., 1921. *San Andrés de Teixido. Historia, leyendas y tradiciones*. Imp. Roel. A Coruña. Reeditado no 1991 polo concello de Ortigueira.

- 1933. «El Ortegal en el culto de los cabos». En *Boletín de la Real Academia Gallega* (mes de setembro). A Coruña.
- 1947. *Bares, puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. CSIC-I. Padre Sarmiento. Santiago.

MONTEAGUDO GARCÍA, L., 1957. *Galicia legendaria y arqueológica. Problemas de las 'ciudades asolagadas'*. CSIC. Madrid.

- 1986. «Toponimia costera coruñesa. De Estaca de Bares a Malpica». En *Actas do coloquio Santos Graça de etnografía marítima*. Póvoa de Varzim.

MONTERO DÍAZ, S., 1935. *La Colección Diplomática de San Martín de Jubia*. Santiago.

NAVEIRO LÓPEZ, J. L., 1991. *El comercio antiguo en el N.W. peninsular*. Museu Arqueolóxico Provincial. A Coruña.

LÓPEZ GÓMEZ, FELIPE SENÉN, 1995. *Rías Altas. De Ferrolterra a Estaca de Bares*. Deputación de A Coruña.

TOVAR, A., 1985. «La inscripción del Cabeço das Fráguas y la lengua de los lusitanos». En *Actas del III coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas*. Universidad de Salamanca.

UNTERMANN, J., 1993. «Anotaciones al estudio de las lenguas prerromanas del noroeste de la Península Ibérica». En *Galicia: da romanidade á xermanización*. M. Pobo Galego / Universidade de Santiago / I. Padre Sarmiento.

USERO GONZÁLEZ, R., 1992. *El santuario de San Andrés de Teixido*. Segunda edición ampliada. Fundación Villabril. Cedeira. (A primeira edición data de 1972).

- 1974. *Bares, Cedeira, Labacengos e Loira* en Gran Enciclopedia Gallega.
- 1993. *Sir Lanzarote do Lago e a súa proxenie cedeiresa*. Segunda edición. Cedeira. Fundación Villabril. (A primeira edición data de 1986).